

ANTE A EMERXENCIA PROGRAMACIÓN VIRAL DE RESPOTA RÁPIDA

A pandemia do SARS-CoV-2 non é a primeira que sofre a humanidade, pero sí a que tivo un impacto máis global, tanto polo contaxio en todo o mundo como polo confinamento profiláctico e o bloqueo económico e social sufridos mundialmente. A covid-19 afectou a todas as ordes da vida, desde a sanidade á política e desde a economía á cultura. A declaración do estado de alarma do 14 de marzo de 2020 en España conlevou a corentena domiciliaria e a interrupción de toda actividade non esencial. Entre outros moitos establecementos, oficinas, tendas, escolas e museos pecharon as súas portas pero non detiveron a súa actividade. O tele traballo, o tele ensino e a actividade a través de internet e as redes sociais mitigou a inactividade e o distanciamento físicos, aínda que só en parte. Moitas exposicións e moitos programas públicos foron interrompidos e, no mellor dos casos, retrasados durante meses, imposibilitando continuar co servizo público presencial nos museos. Facendo gala da súa responsabilidade para que a cidadanía puidese exercer os seus dereitos culturais en circunstancias tan extremas, a maioría das institucións culturais reaccionaron cunha resposta rápida que se fixo viral.

Do mesmo xeito que ocorreu co traballo, o comercio, a educación, a xestión burocrática, a atención sanitaria ou a vida social, a incipiente dixitalización en todos os sectores acelerouse excesivamente para compensar o illamento e para facer posible dixitalmente o que era imposible de maneira presencial. Toda esta programación online incluíu a dixitalización e o acceso en liña dos contidos, as exposicións e as coleccións de moitos museos, pero tamén actividades específicas a través de chats, podcasts, videoconferencias, vídeo accións e, en xeral, toda unha serie de eventos en directo a través de internet que acabaron por facerse tan comúns como virais.

A urxencia por ofrecer unha programación en liña que substituíse á presencial foi xeneralizada e variada. Algunhas iniciativas foron unha sinxela dixitalización das antigas actividades presenciais, pero outras moitas programacións reaccionaron explorando o potencial da cultura desde as súas dimensións produtivas, educativas, reflexivas e patrimoniais. Así, producéronse proxectos como *Design in Quarantine* impulsado polo Royal College ou *Pandemic Objects* do Victoria & Albert Museum, ambos no Reino Unido. No caso español, a dimensión produtiva foi o foco da resposta do CA2M a través do proxecto *Unmetroymedio*, que pretendeu visibilizar as condicións precarias dos e das artistas posibilitándoos facer unha obra durante o confinamento domiciliario á que puidese acceder a cidadanía; a dimensión educativa centrou o proxecto *Laboratorio Escoitame?* da Fundación Luis Seoane, que constituiu temporalmente unha comunidade de creación integrada por artistas, educadoras e diferentes sectores de público; a dimensión reflexiva que permite abrir perspectivas desde as que entender o presente pandémico e as súas consecuencias na sociedade e na arquitectura foi o obxectivo de *Ciudades post-pandemia* do MUSAC; na mesma institución, cunha visión de memoria e patrimonio, constituíuse o *Archivo covid-19* dando lugar á compilación, entre outros moitos, dos materiais máis perecederos recollidos nas rúas de varias cidades, cuxo estudo propiciou a redacción do ensaio *Habla del cuerpo social. Pandemia y politización del espacio público*.

A revisión no ciclo de presentacións e debates **Ante a emerxencia. Programación viral de resposta rápida** destes proxectos entendidos como caso de estudo permitirá non só coñecer a programación de resposta rápida ante a urxencia pandémica, senón tamén as consecuencias futuras do aprendido na pandemia tanto a nivel institucional e educativo como a nivel social e persoal.

21 de setembro
Manuel Oliveira



14 de decembro
Silvia Longueira
e Fermín Blanco

20 de outubro

20:00 horas

Kristine Guzmán

Ciudades Pospandemia

<https://ciudadespospandemia.muscac.es/>



<https://ca2m.org/exposiciones/unmetroymedio>
<https://ca2m.org/el-museo/>
el-museo-despues-de-la-covid-19


Imaxe da exposición: Allan Kaprow, Comfort Zones.
Xuño 1975 (Museo CA2M, 2017). Fotografía: Andrés Arranz.

Manuel Segade

20:00 horas

18 de novembro

Fundación Luis Seoane
San Francisco 27
15001 A Coruña
www.fundacionluisseoane.gal
T 981 216 015




21 de setembro

20:00 horas

Manuel Oliveira

**Habla del cuerpo social
e Archivo covid-19**

<https://brumaria.net/2022/08/04/habla-del-cuerpo-social-pandemia-y-politizacion-del-espacio-publico-ya-disponible/>
<http://documentamusac.org/categoria/archivo-covid-19/>



14 de decembro

20:00 horas

Silvia Longueira e Fermín Blanco
Laboratorio Escóitasmae?

<https://www.escoitasmae.com>